



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 23 DE AGOSTO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte e tres de agosto de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz

**Non asiste o concelleiro D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 12.07.2016)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 26 de xullo de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

**PUNTO 2.- SUBVENCIONS**

---

Vista a Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020), a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA acollerse a esta subvención e solicitar unha axuda ó seu abeiro asumindo o compromiso de dar conta desta solicitude ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Vista a orde do 21 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo program operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo ACORDA:



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

- a) Solicitar subvención para a actuación que a continuación se indica e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria:

| ACTUACIÓN   | PERIODO DE EXECUCIÓN | ORZAMENTO TOTAL DA ACTUACIÓN | IMPORTE SOLICITADO |
|---|----------------------|------------------------------|--------------------|
| Artigo 5.1 i) Ramplas mecánicas urbanas e escadas mecánicas urbanas<br>Accesibilidade na rúa Baixo Muro coa instalación da plataforma elevadora salvaescaleiras | 2016 - 2017          | 33.915,38 €                  | 25.436,54 €        |

- b) Designar a D. Hermelindo Martinez Gonzalez que ocupa o posto de Arquitecto Técnico Municipal para as funcións de coordinación e comunicación coa Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- c) Financiar o custo da actuación obxecto da subvención que non resulte financiado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para a súa completa realización.

### **PUNTO 3.- INSTANCIAS**

Lese o escrito RE 5.285 de data 17 de agosto de 2016, presentado por Dna. Beatriz Pacheco Lomba, con enderezo na rúa 5ª Trasn. Oliva, nº 8-1º da Guarda, solicitando a colocación dun resalto na calzada na rúa Irmáns Noia Xil ante a próxima apertura dun centro deportivo e para garantir a seguridade dos usuarios do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a súa proposta.

Lese o escrito RE 5.333 de data 19 de agosto de 2016, presentado por DNA. Mª ISABEL GOMEZ MAYA, con enderezo na rúa da Cal, nº 12 da Guarda, solicitando que se tome algunha medida para evitar que se estacione ó carón da maceteira ubicada ó carón do garaxe con número de vado nº 81 na rúa da Cal xa que dificultan a entrada e saída dos vehículos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xirarán visita os servizos municipais para ver a mellor solución.

Lese o escrito RE 5.331 de data 19 de agosto de 2016, presentado por DNA. LUCIA GIL ESPAÑOL, en representación da Comunidade de Propietarios Edificio Bainis, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Ramón Franco, nº 19-1ºD de O Rosal, solicitando o tapado do burato existente na rúa Tui causado pola colocación dunha grúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que neste momento se está na fase de incautación do aval depositado pola empresa constructora para poder solucionar os problemas xerados pola deficiente urbanización da rúa.

Lese o escrito RE 5.330 de data 19 de agosto de 2016, presentado por DNA. LUCIA GIL ESPAÑOL, en representación da Comunidade de Propietarios Edificio Cancelón, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Ramón Franco, nº 19-1ºD de O Rosal, solicitando



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

que se solucionen os problemas de malos cheiros e de aparición de ratas non contorno do edificio.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se darán as instrucións oportunas para que actue a empresa de desratización contratada para elo. Con respecto ós problemas de malos cheiros acorda comunicarlle que se estudiará a súa causa para poder atallalos.

Lese o escrito RE 5.325 de data 19 de agosto de 2016, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS O PERCAMINO, solicitando autorización para o peche da rúa Francisco Lomba á altura da intersección coa rúa Redondiña para a celebración do XX Aniversario do Grupo de Gaitas A Boalleira o día 1 de outubro.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o solicitado.

Lese o escrito RE 5.326 de data 19 de agosto de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS O PERCAMINO, solicitando autorización para o peche da rúa Pozas o día 3 de setembro para levar a cabo o VIII TORNEO DE CACHIZA.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o solicitado.

Lese o escrito RE 5.327 de data 19 de agosto de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS O PERCAMINO, solicitando:

- Palco para a celebración do serán o día 17 de setembro.
- Vallas para os días 17, 23 e 24 de setembro.
- Colaboración da Policía Local o día 24 de setembro con motivo da carreira pedestre e o día 25 de setembro con motivo da procesión.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 5.292 de data 17 de agosto de 2016, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a proposta de concesión dunha subvención por importe de 6.757,83 euros para a actuación "Rehabilitación fonte lavadoiro de Regudín e a fonte de La Villa" ó abeiro das subvención para a rehabilitación do patrimonio histórico-cultural.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

*Sendo as nove horas e cincuenta minutos minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*